

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ENTIDADE ALBERTIA SERVICIOS SOCIOSANITARIOS SA PARA A ORGANIZACIÓN DA PRESTACIÓN FARMACÉUTICA NO CENTRO SOCIOSANITARIO RESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES ALBERTIA LUGO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou, o día 14 de novembro de 2025, coa entidade Albertia Servicios Sociosanitarios S.A., o instrumento convencional arriba referido, que ten unha vixencia de 4 anos, a contar desde o día seguinte ao da súa sinatura. Non obstante, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, antes da finalización do prazo de vixencia, os asinantes do convenio poderán acordar a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Que a prestación farmacéutica ás persoas usuarias do Servizo Galego de Saúde residentes no centro sociosanitario RESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES ALBERTIA LUGO, xestionado por ALBERTIA SERVICIOS SOCIOSANITARIOS SA, se realice de xeito eficaz, eficiente, integrado e coordinado cos outros niveis asistenciais, tendo en conta o establecido na Lei 3/2019, do 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde é responsable da xestión das prestacións farmacéuticas e a atención farmacéutica aos seus usuarios, de conformidade co disposto no artigo 94 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e no artigo 2 da Lei 3/2019, do 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galicia.

A entidade ALBERTIA SERVICIOS SOCIOSANITARIOS SA conforme ao disposto no artigo 4 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia, é unha entidade prestadora de servizos sociais, inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade co número de rexistro E7034 e responsable da xestión do centro sociosanitario RESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES ALBERTIA LUGO que conta con máis de 100 camas en réxime de asistidos.

Segundo o artigo 57 da Lei 3/2019, do 2 de xullo, será obrigatorio o establecemento dun

servizo de farmacia propio nos centros sociosanitarios con 100 ou máis camas en réxime de asistidos/as.

Non obstante o anterior, este precepto posibilita que a consellería competente en materia de prestación farmacéutica estableza acordos ou convenios con estes centros, eximíndolles da dita esixencia, sempre e cando dispoñan dun depósito de medicamentos e produtos sanitarios vinculado ao servizo de farmacia do hospital de rede pública que sexa o de referencia na área sanitaria correspondente.

Desde o ano 1998, a través de convenios de colaboración subscritos entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e as entidades responsables da xestión dos centros sociosanitarios, desenvolveuse o Programa de atención farmacéutica co fin de garantir unha mellora na xestión da prestación farmacéutica, tanto desde o punto de vista da seguridade no manexo dos produtos farmacéuticos, como no da racionalización do seu gasto.

Así, moitos dos centros sociosanitarios e os hospitais de referencia da área sanitaria na que se atopan veñen colaborando co fin de garantir a cobertura das necesidades farmacoterapéuticas das persoas residentes neses centros, de xeito que o hospital de referencia convértese en provedor dos medicamentos e produtos sanitarios financiados que precisen as ditas persoas.

Nos centros nos que aínda non está implantado o Programa de atención farmacéutica, as persoas usuarias obteñen os recursos terapéuticos que forman parte da prestación farmacéutica a través da súa prescrición e receita médica oficial e posterior dispensación na oficina de farmacia, sendo financiados polo Servizo Galego de Saúde.

As principais características do Programa de atención farmacéutica son polo tanto a cobertura farmacoterapéutica por parte do Servizo Galego de Saúde e a subministración dos produtos farmacéuticos polo hospital de referencia, de xeito que a terapéutica do centro se adecúa á Guía Farmacoterapéutica de centros sociosanitarios do Servizo Galego de Saúde, o que propicia unha farmacoterapia integrada, coordinada e con igual custo e calidade que a do hospital.

En consecuencia, o sistema de prestación de atención farmacéutica desde o hospital de referencia ás persoas usuarias dos centros sociosanitarios supón tanto un beneficio asistencial para os/as pacientes, posto que o seguimento da súa farmacoterapia realízase de forma individualizada baixo a responsabilidade dun farmacéutico dos centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde, como unha garantía para acadar unha xestión máis eficiente, segura e de calidade dos recursos farmacoterapéuticos.

Ambas as dúas partes recoñecen a necesidade de asegurar que a calidade da prestación farmacéutica que reciban as persoas usuarias do sistema que residan no centro sociosanitario RESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES ALBERTIA LUGO, sexa equiparable á que recibe calquera



outra persoa usuaria do Sistema Sanitario Público Galego, mediante o establecemento de mecanismos que faciliten o acceso a aquelas prestacións, consonte ao establecido no Real decreto legislativo 1/2015, do 24 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, e proporcionen unha mellora da calidade da atención prestada aos usuarios, acadando a súa atención integral e unha utilización eficiente dos recursos. Sen prexuízo das obrigas legais establecidas, as partes asinantes, consideran de interese establecer mecanismos e canles de colaboración que o posibiliten.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

